

ACUM. XULLO 2019
Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Xullo 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	61.922.675	3,9%	2.370.169	6,1%
NOITES	192.809.018	1,6%	4.640.018	6,7%
ESTADÍA MEDIA	3,11	-2,3%	1,96	0,6%
% OCUPACIÓN	58,82%	0,29	36,80%	2,05

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 6,1% e o volume de noites un 6,7% en comparación co rexistrado no mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano 2018, do 3,8%, mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente de 2014 a 2017 –cando se rexistraban subas de diversa intensidade-. Esta tendencia sitúa o valor final do acumulado a xullo deste ano en máis de 4,6 millóns de noites –a cifra máis elevada da serie histórica-. Galicia marca por tanto neste ano, cando menos nos primeiros sete meses, un máximo histórico de demanda hoteleira.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella. O crecemento deste ano recupera a senda positiva que se viña rexistrando en Galicia desde o 2013 só puntualmente amortiguada pola caída rexistrada xustamente no pasado ano. Con isto Galicia acada neste período preto de 2,4 millóns de viaxeiros, neste caso a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de máis de 137 mil viaxeiros aloxados e de 293 mil noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- No curto prazo obsérvase que o comportamento positivo da demanda vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en seis dos sete meses considerados. Así o nivel de demanda sobe un 1,6% en xaneiro, un 2,1% en febreiro, un 18,2% en abril, un 11,8% en maio, un 6,6% en xuño e un 6,7% agora en xullo, en contraste coa caída rexistrada en marzo –do 7,2%-. Tendo en conta só o segundo bimestre –meses de marzo e abril en conxunto- o volume de noites nos establecementos hoteleiros de Galicia increméntase nun 6,5%-.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento parello. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,9%- así como do volume de noites –que sobe un 1,6% neste caso-.
- Obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo da demanda nas diferentes comunidades autónomas. Neste sentido o volume de noites sobe e mellora en trece delas sendo Galicia o destino de mellor comportamento relativo –co incremento do 6,7%-. Lidera, por tanto, o incremento da demanda a nivel estatal. Seguen en orde de importancia Castela e León, cunha

suba do 6,6% interanual, e Madrid e Navarra cun incremento do 5% en ambas. O crecemento máis suave localízase en Castela A Mancha –próximo ao 2% interanual-.

- A demanda mantense estable na Rioxa e en Aragón e descende, pola contra, en dous destinos –en Baleares un 1,4% e en Canarias por encima do 2%-.
- Canarias –con 38,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 19,9% do total estatal-. Seguen en orde de importancia neste período de sete meses Cataluña –con preto de 32,9 millóns de pernoctacións, Baleares –con 32,0 millóns-, Andalucía –con preto de 31,2 millóns-, a C. Valenciana –con case 17,0 millóns- e Madrid –con preto de 14,8 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste período a oitava posición –por detrás das seis anteriores e de Castela e León- representando o 2,4% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con incrementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 2,2% o nivel de demanda do pasado ano grazas á combinación de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros residentes, do 1,3%, e mellora da estadía media –de case o 1% neste caso-. É o sexto ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno neste período, acadando agora en 2019 máis de 1,2 millóns de noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo, superando nun 5,8% o volume de noites do pasado ano grazas tamén neste caso á evolución positiva da cifra de viaxeiros españois e da estadía media. Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano mais da continuidade á tendencia positiva do período 2014-17. Desta maneira o nivel final dos primeiros sete meses sitúase en 2,2 millóns de noites, a cifra máis elevada da década.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento positivo neste período –froitado dos incrementos rexistrados en todos os meses agás en febreiro-. O volume de noites sobe un 13,8% como consecuencia do crecemento paralelo da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 11,6% neste caso. É o sexto ano case consecutivo no que se observa un crecemento do turismo internacional en Galicia no acumulado a xullo, tendencia que só se rompeu puntualmente no pasado ano 2018 e que sitúa o nivel final dos primeiros sete meses deste ano en 1,2 millóns de noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.
- O segmento de maior peso neste período é o mercado receptor nacional –supón o 47,6% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase cun 26,5% do total neste caso.
- O turismo internacional representa neste período de sete meses o 25,9% do total da demanda hoteleira, porcentaxe que supón un máximo histórico na comunidade –nunca antes representara máis da cuarta parte da demanda total neste período-. Así pois este mercado acada nos primeiros sete meses de 2019 niveis máximos de volume e peso dentro da estrutura da demanda hoteleira de Galicia. Similar circunstancia acontecía xa no primeiro semestre deste ano.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites en todas as provincias con certas diferenzas de intensidade –un 7,1% en

A Coruña, un 7,4% en Lugo, un 2,7% en Ourense e un 7,0% en Pontevedra-. A combinación de crecemento da cifra de viaxeiros aloxados e mellora da estadía media explica esta dinámica positiva xeneralizada.

- Con preto de 2,0 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 42,4% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 37,3%-, Lugo –co 12,8%- e Ourense –co 7,5% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que preto do 80% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia increméntase por cuarto ano consecutivo –un 0,6% no acumulado a xullo-, situándose en preto de dúas noites de media. A mellora non é moi significativa e practicamente fala de certa estabilidade do valor en comparación co pasado ano. En calquera caso a cifra deste 2019 é a máis elevada dos últimos sete anos.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,8 noites de media, mentres que Castela e León e Castela A Mancha rexistran a cifra máis baixa, con menos de 1,7 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de axuste da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 0,6%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación en comparación co pasado ano –sobe en dous puntos porcentuais para situarse no 36,8%-. É a porcentaxe máis elevada de toda a serie histórica.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –só por diante do valor de Estremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 74,2% neste período. A media do conxunto de España sitúase no 58,8%.
- As tarifas hoteleiras melloran neste período de sete meses, un 2,1% en particular, situándose en 57,2 euros.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación, engadida a este leve incremento das tarifas hoteleiras, deriva nun crecemento dos niveis de rendibilidade hoteleira. Así, o RevPAR sobe un 8,1% neste período situándose en 25,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible –a cifra máis elevada da década-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Acum. Xullo 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Acum. Xullo 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Acum. Xullo 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Acum. Xullo 2019




Fig. 5. Evolución da estadia media. Acum. Xullo 2013-19

